



## CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

### **ACTA DO TRIBUNAL CORRESPONDENTE AO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL FIXO, MEDIANTE OPOSICIÓN, DE DOUS OFICIAIS DO SERVIZO DE AUGAS (CONTRATO A TEMPO COMPLETO) E ELABORACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DO ARTIGO 15.2 E 15.3 DO REAL DECRETO LEXISLATIVO 2/2015, DO 23 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO ESTATUTO DOS TRABALLADORES (TRET).**

En Camariñas, a dezanove de xullo de dous mil vinte e catro, sendo as 8:30 horas, na nave municipal de Xaviña (Lugar Cruceiro, s/n, Xaviña-Camariñas), reúnese o Tribunal Cualificador das probas selectivas para a contratación laboral fixo, mediante oposición, de dous oficiais do Servizo de Augas (contrato a tempo completo) e a elaboración dunha bolsa de emprego do artigo 15.2 e 15.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (TRET), tribunal designado polo Decreto da Alcaldía 525/2024 de data 26/06/2024 e do que se encontran presente os seguintes membros:

**Presidente:** D. José Ameijeiras Oreiro, capataz de obras do Concello de Camariñas.

**Vogais:**

D. Francisco José Puga Bestilleiro, Técnico Deportivo do Concello de Camariñas.

D. José Ramón Lema Pose, operario do servizo de augas do Concello de Vimianzo.

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Mercedes Búa Barrientos, auxiliar administrativa do Concello de Camariñas.

Dada a presenza do presidente como da secretaria así como de dous vogais, considéranse cumpridos os requisitos para a válida constitución e actuación do tribunal, polo que este procede:

**Primeiro:** A examinar, a través da lectura individual por cada un dos membros do tribunal, a lista definitiva dos aspirantes admitidos, a fin de verificar a existencia ou ausencia de causas de abstención e recusación dos arts. 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e de non ter realizado tarefas de preparación de aspirantes ás probas selectivas nos últimos cinco anos e de conformidade co disposto no art. 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 29 de outubro polo que se aproba a Lei do estatuto Básico do Empregado Público que exige que a pertenza aos tribunais de selección o sexa a título individual e non se actúa en representación e por conta de ninguén. Non concorrendo ningunha delas en ningún dos membros do tribunal, segundo manifestación de cada un deles.

**Segundo:** O presidente do Tribunal recorda a todos os membros do tribunal o deber de sxiло profesional e confidencialidade dos asuntos e dos datos que se tratan como consecuencia da súa participación como membros deste e da obriga de gardar un absoluto sxiло profesional en todas as materias que non sexan de publicación oficial e aquelas que aínda séndoo, non fosen publicadas aínda, co obxectivo de evitar calquera filtración.

A continuación procédese, de conformidade coa base 8<sup>a</sup> da convocatoria, a confección do da **1º exercicio: Exame tipo test**, que consta dunha proba escrita de carácter obrigatorio e eliminatorio, que consistirá na contestación dun cuestionario de 40 preguntas con respostas alternativas, 3 opcións de resposta, sobre as materias obxecto de temario que figuran no anexo I, nun tempo máximo dunha hora. A puntuación será de 0 a 40 puntos, quedando eliminados os aspirantes que non alcancen un mínimo de 20 puntos. Cada pregunta correcta obterá unha puntuación de 1. As preguntas incorrectas restarán 0,10 e as non contestadas ou en branco non restarán.

A continuación tamén de conformidade coa base 8<sup>a</sup> da convocatoria, se procede a confección do **2º exercicio: Exame práctico**, que consistirá nunha proba práctica durante o tempo de sesenta minutos, de carácter obrigatorio e eliminatorio, consistente en realizar dous exercicios de execución práctica, de orde profesional, acordos coa praza convocada e relacionados coas funcións de dito posto de traballo, cada exercicio se



## CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

puntuará con un máximo de 20 puntos. Para a valoración da proba o tribunal terá en conta a destreza na realización proxecto, a organización das diferentes tarefas a realizar, o uso das ferramentas, as medidas de protección persoal adoptadas e a orde e limpeza no espazo de traballo. A puntuación total será de 0 a 40 puntos, quedando eliminados os aspirantes que non alcancen un mínimo de 20 puntos.

A continuación tamén de conformidade coa base 8ª da convocatoria, se procede a confección do **3º exercicio: Coñecemento da lingua galega**, de carácter obrigatorio e non eliminatorio, que realizarán os aspirantes que superasen as dúas probas anteriores. Consistirá na tradución directa do castelán ao galego de 5 frases propostas polo Tribunal durante un tempo máximo de 30 minutos e sen axuda de dicionario. O exercicio cualificarase como apto ou non apto. Quedan eximidos da realización deste exercicio aqueles aspirantes que acrediten posuír, antes da finalización do prazo de presentación de instancias o CELGA 1 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo co disposto na Orde de 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), publicada no DOG nº 34, de 19 de febreiro de 2014.

A continuación o tribunal acorda por unanimidade:

**Primeiro:** Entregar a cada un dos aspirantes dous papeis co mesmo código numérico máis dous sobres (un de tamaño pequeno e outro maior). Un dos papeis deben achegalo no anexo que se lles facilitará, no cal deben de cumprimentar os seguintes datos: Nome e apelidos, número de DNI e asinalo. Cuberto dito anexo deben introducirlo no nomeado sobre pequeno. Ao remate do exercicio deben introducir o sobre pequeno e a proba da fase de oposición no sobre máis grande, pechalo e pegar na parte exterior do mesmo o segundo papel co correspondente código numérico.

Unha vez corrixida cada proba, gramparase o anexo de cada quen á proba correspondente.

Ás 09:00 horas comeza o chamamento dos aspirantes admitidos polo seu nome completo e por orde alfabética do primeiro apelido de cada un dos aspirantes, comezando pola letra "H", conforme ao sorteo que realizou a Consellería de Facenda para o ano 2024 (DOG nº 29, de data 9 de febreiro de 2024), comprobando a súa identidade mediante a presentación do DNI, co seguinte resultado:

### ASPIRANTES PRESENTADOS/NON PRESENTADOS

NÚM.	APELIDOS E NOME	DNI	PRESENTADO/ NON PRESENTADO
1	SAR VILLAR, JESÚS MANUEL	***3855**	PRESENTADO
2	AMEIJENDA SUÁREZ, VALERIANO	***6436**	PRESENTADO

Debidamente identificados os aspirantes presentes, a continuación o Presidente do Tribunal dá aos aspirantes as oportunas instrucións sobre a realización do primeiro exercicio e lles comunica os acordos adoptados polo tribunal.

O primeiro exercicio consiste na contestación dun cuestionario de 40 preguntas con respostas alternativas, 3 opcións de resposta, sobre as materias obxecto de temario que figuran no anexo I, nun tempo máximo dunha hora.

A continuación sendo as 9 horas e 2 minutos procédese ao comezo da realización do exercicio: exame tipo test, entregando os aspirantes o exame ás 09:26 horas

Rematado e corrixido o exercicio, o tribunal por unanimidade dos membros presentes acorda outorgar as seguintes puntuacións:

RESULTADO DO PRIMEIRO EXERCICIO: EXAME TIPO TEST.



## CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

APELIDOS E NOME	PUNTUACIÓN EXERCICIO	APTO/NON APTO
SAR VILLAR, JESÚS MANUEL	40,00	APTO
AMEIJENDA SUÁREZ, VALERIANO	39,90	APTO

Así pois os aspirantes que superan o exercicio e que continúan no procedemento son os seguintes:

ASPIRANTES APROBADOS NO PRIMEIRO EXERCICIO: EXAME TIPO TEST.

APELIDOS E NOME	PUNTUACIÓN
SAR VILLAR, JESÚS MANUEL	40,00
AMEIJENDA SUÁREZ, VALERIANO	39,90

Corrixido o exercicio o tribunal comunica aos aspirantes o resultado do mesmo indicando as puntuacións obtidas e a relación de aprobados.

**Segundo:** A continuación sendo as 09:56 horas e na mesma dependencia na que se realizou a proba se procede ao chamamento dos aspirantes polo seu nome completo e por orde alfabético, comezando pola letra "H", compróbase a súa identidade mediante a presentación do DNI para a realización do segundo exercicio que consistirá en dous exercicios prácticos. A proba nº 1 será en interior de edificio que consistirá en abrir cisterna de baño, regular caudal que está en 8 litros e debe baixalo a 6 litros e revisar descargador. A proba nº 2 será en exterior que debe facer un enganche de auga e boca de riego nunha rúa estreita de Camariñas para unha casa que van rehabilitar.

RESULTADO DO SEGUNDO EXERCICIO: PROBA PRÁCTICA.

### PROBA Nº 1

SAR VILLAR, JESÚS MANUEL		PUNTUACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA
	DESTREZAS	5	6
	ORGANIZACIÓN	4	4
	USO DE FERRAMENTAS	6	6
	EPIS	3	3
	ORDE E LIMPEZA	1	1
	<b>TOTAL</b>	<b>19</b>	<b>20</b>

AMEIJENDA SUÁREZ, VALERIANO		PUNTUACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA
	DESTREZAS	5	6
	ORGANIZACIÓN	4	4
	USO DE FERRAMENTAS	6	6
	EPIS	3	3
	ORDE E LIMPEZA	1	1
	<b>TOTAL</b>	<b>19</b>	<b>20</b>

### PROBA Nº 2

SAR VILLAR, JESÚS MANUEL		PUNTUACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA
	DESTREZAS	1	3
	ORGANIZACIÓN	6	6
	USO DE FERRAMENTAS	4	4



## CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

	EPIS	4	4
	ORDE E LIMPEZA	3	3
	<b>TOTAL</b>	<b>18</b>	<b>20</b>

<b>AMEIJENDA SUÁREZ, VALERIANO</b>		PUNTUACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA
	DESTREZAS	3	3
	ORGANIZACIÓN	5	6
	USO DE FERRAMENTAS	4	4
	EPIS	4	4
	ORDE E LIMPEZA	3	3
	<b>TOTAL</b>	<b>19</b>	<b>20</b>

Finalizadas as probas prácticas polos aspirantes as 11:00 horas, o tribunal por unanimidade dos membros acorda outorgar as seguintes puntuacións totais da proba práctica:

### RESULTADO PUNTUACIÓN TOTAL DA PROBA PRÁCTICA.

<b>APELIDOS E NOME</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>	<b>APTO/NON APTO</b>
SAR VILLAR, JESÚS MANUEL	<b>37,00</b>	APTO
AMEIJENDA SUÁREZ, VALERIANO	<b>38,00</b>	APTO

Así pois os aspirantes que superan o exercicio e que continúan no procedemento son os seguintes:

### ASPIRANTES APROBADOS NA PROBA PRÁCTICA.

<b>APELIDOS E NOME</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>
SAR VILLAR, JESÚS MANUEL	<b>37,00</b>
AMEIJENDA SUÁREZ, VALERIANO	<b>38,00</b>

A continuación, realizarase a última proba aos aspirantes que non presentaron certificado acreditativo de Celga 4 ou equivalente.

### RESULTADO DO TERCEIRO EXERCICIO. COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.

<b>APELIDOS E NOME</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>
SAR VILLAR, JESÚS MANUEL	APTO

Así, a vista da puntuación obtida polos aspirantes, o tribunal fai publico o resultado final do procedemento (oposición) publicando a listaxe de puntuacións totais/finais:

### RESULTADO FINAL/PUNTUACIÓN TOTAL DA OPOSICIÓN.

<b>APELIDOS E NOME</b>	<b>PUNTUACIÓN</b>
SAR VILLAR, JESÚS MANUEL	77,00
AMEIJENDA SUÁREZ, VALERIANO	77,90

O tribunal, vistas as puntuacións obtidas polos aspirantes na oposición, acorda aprobar a seguinte relación de candidatos aprobados, coas seguintes puntuacións totais/finais por orde decrecente:



## CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

### RELACIÓN DE CANDIDATOS APROBADOS

APellidos e Nome	Puntuación
AMEIJENDA SUÁREZ, VALERIANO	77,90
SAR VILLAR, JESÚS MANUEL	77,00

Polo que o Tribunal por unanimidade dos membros acorda:

**Primeiro:** Declarar que superaron a oposición **D. Valeriano Ameijenda Suárez e D. Jesús Manuel Sar Villar** e, de conformidade co establecido na base 9ª da convocatoria, propónse a Alcaldía que se proceda a formalización do contrato con estes dous candidatos.

**Segundo:** Proceder de conformidade co establecido na base 9ª da convocatoria, a declarar deserta a lista de reserva/s por falta de aspirantes.

**Terceiro:** Os/as aspirantes propostos/as achegarán dentro do prazo de **10 días naturais**, a contar desde o seguinte ao que se faga pública a proposta do Tribunal, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos para tomar parte na convocatoria.

**Cuarto:** Dar traslado da presente acta á Alcaldía aos efectos do previsto na Base novena da convocatoria que regula o proceso selectivo.

**Quinto:** Facer público o resultado da oposición mediante a súa inserción no taboleiro de anuncios do Concello e a efectos meramente informativos na sede electrónica do Concello de Camariñas.

Seguidamente redáctase á acta da sesión dándose lectura a esta ante os membros do Tribunal sen que se realice ningunha observación polos asistentes polo que se autoriza coa sinatura da secretaría do órgano e o visto e prace da presidencia.

Non sendo outro o obxecto da reunión e non habendo máis asuntos que tratar, a presidenta levanta a sesión, sendo as 11:43 horas do día da data, do que como secretaria dou fe co visto e prace da Presidencia.

Vº e Prace  
O Presidente,

A Secretaria,